



## Boas noites tía Marica

Recollida de Mercedes Rodríguez Blanco  
de Vilar do Lor

$\text{♩} = 66$

Eu ca sci me por un a no por ver a  
vi da que ti ña ia go rao  
a non ca bou se Dios me de  
ra sol teti ri ña

Eu caseime por un ano  
por ver a vida que tiña  
i agora o ano acabouse  
Dios me dera solteiriña.

Boas noites tía Marica  
escóiteme unha palabra  
que lle veño ve-la filla  
non sei se estará na casa.

Pois na casa non lle está  
vaiche na casa da tía  
e non che pareza mal  
que non sabía que viñas.

E deume a gana de vir  
que facemos bon xuntoiro  
teño por ahí de oídas  
que ela xa ten outro novio.

Pois logo agarda que veña  
que eu non cho podio decir  
e despois dícesllo ela  
para que se farte de rir.



O derradeiro alento: Soutordei



A derradeira pedra: Lousadela